

A NOSA TERRA

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

ANO XVI

Galicia (Pontevedra) 15 abril do 1.932

Núm. 293

No espertar cotián

A cantos arelan a grandeza da Terra

"A Nosa Terra" sai hoxe, de novo, baixo o sino do Partido Galeguista.

Libro de bitácora nas roitas da galegitude, pentágrama de todol-os cantos dos devanceiros, escolma e aguillón, proel e faro, "A Nosa Terra" é un dos fitos nos eidos do galeguismo.

Emporiso, hoxe, o Partido, ao recoller dos irmáns da Cruña ista herdanza quente e garimosa, ten de escomenzar por botar aos ventos, como un xuramento de lealtade, a proposta de seguir, por sempre, a hestoria de limpa enxebreza d-iste boletín que, ano tras ano, primeiro como senlleiro son de albada e logo como acordada vos no coro unánime da prensa galeguista, espallou pol-a Terra, debruzaada n-un sono secular, as verbas sagras do Rexurdimento.

Fai quince anos, cando saíu "A Nosa Terra", soio ela, entremedio da bulra e da indifrencia, mantiña ergueita nas suas páxinas a continuidade da nosa lingua e no seu espírito a defensa das nosas liberdades. A carón seu, viu xurdir paseniñamentos, como a herbiña mol nos lameiros verdecentes, canto hoxe, nun rexurdir insospitado da fala e da cultura de Galicia, representa a nosa Terra no concerto dos pobos.

Así, o Partido Galeguista, tamén ergue hoxe, na soedade da nosa política, doente de ruralismo ou comesta de anti-galegitude, ista vos de redención que soa nas mesmas verbas antergas e sagras da Fala, rexo berro de liberdade, pulo baril de degoiros inesquecibles. E agarda que mañán, lonxe ou perto d-il, en todol-os terreos da política, xurda unha xeneración que, sobre as cativeness persoas e politiquieras, sobre as modas madrileñas, sobre o propio medro e inda sobre a propia vida, seipa impor a lei do sacrificio pol-a Patria Galega.

Tempos novos estes que vai vivir "A Nosa Terra".

Que por sempre latexe nas suas páxinas a vibración sutil da lírica quentura que soergeu a espírito da vella xeneración. Que pra sempre fuxan d-elas os agoiros alleíros da tristura, da baixa loita, das arelas turdías e das cativas interquinencias. Que acougue nas suas liñas todo o pulo romántico dos devanceiros e toda a preocupación técnica da nova xeneración, a do corpo batido nos ventos do mar, a da i-alma repousada no fondo estudo das nosas realidades.

Irmáns! N-ista nova saída, que non é un renacer, senón o espertar cotián a un novo día, chegue a todos cantos traballan n-ista laboría inxente de facer unha Patria—saúdo fraterno pra os amigos e pra os adversarios, vello "santo e seña" nas xeiras da galegitude—o berro xurdido da Raza:

"Terra a Nosal!"

O F. C. ZAMORA - A CRUÑA

Novamente se pretenden suspender as obras do f. c. vial pra economía da nosa Terra. Os seus inimigos lograron, outra vez, atopar eco no poder central, que, co-a complicitade d-algúns xornaes madrileños e de moitos malos galegos, se dispoñía a dar o golpe de gracia a ista vella cobiza do noso pobo.

Galicia soupo responder barilmente á ameaza que se lle lanzou, i-está en pé, disposta a non consentir ista tremenda inxusticia e a facer que se escoite a razón con que reclama, con que eixixe... ¡que algún día tiña de chegar en que, cansa de que *se lle faga o favor* de lle cobrar impostos e mais impostos, eisixixe aquilo a que ten dereito, porque o ten pagado d-abondo!

O pobo—apesar dos que o acusaron de precipitación—tivo unha perfecta visión do problema. Sin iste seu impulso, non se pode dudar que o preito estaba perdido pra Galicia, pese aos inxustificadros outimismos de gran número de deputados galegos que—seguramente, de boa fe—estaban enganados. Aprobado o presuposto sin consiñación e poñéndose en mans dos Ministros de Facenda e de Obras Públicas a resolución do asunto, ¿cál sería a sorte do noso f. c.?... Ben coñecida é a súa opinión desfavorable, que se non recataron de declarar repetidamente.

Nós estivemos, i-estamos, decididamente, ao lado do pobo, que ten toda a razón, sin que nos importe da maneira cómo os que están agarrados a levita dos que mandan poidan interpretar, torcidamente, o noso proceder, que—contrariamente ao d-iles—é hoxe o mesmo de onte.

Traizoaríamos o noso ideal si, c-oa República o mesmo que c-oa Monarquía ou c-oa Dictadura, non puxésemos por diante de todo o intrés da nosa Terra.

* * *

ALBORADA

Os anacos que unha arbitraria distribución administrativa feita pol-o poder central separou do vello tronco galego sentiron un intre o orgulo do seu orixen:

No balcón do Concello de Sanabria foi posta, n-un pulo de redentismo, a bandeirra galega, que dende hoxe será o vencello da nosa unidade étni-

Intrésanos agora, pra coñecemento dos nosos afiliados e lectores, lembrar brevemente á iatuación do Partido e dos seus deputados n-iste asunto, co fin de esmorecer algunhas dúbidas e sair ao paso de certos xestos e acusacións.

Foi o noso Partido o primeiro que declarou púbricamente, sin titubeos, estar ao lado dos que defendesen o f. c., facendo en tal senso un chamamento a opinión galega. Tamén, seguramente, o primeiro que se puxo, cos seus deputados, á disposición do Comité pro Ferrocarril de Ourense; non agora, cando a opinión obrigou a todos, senón antes, según reza en carta de 18 de nadal á que o consello recibiu resposta en 22 do mesmo mes.

Foron os nosos deputados os que nas xuntanzas convocadas pol-o Sr. Fabrega, como presidente do Comité, defenderon o criterio de que se fixese a interpretación con total-as súas consecuencias, e que o Goberno buscase solucións; os que amostaron a súa disconformidade cas fórmulas do Sr. Cornide, i-en todo intre se manifestaron partidarios de que a iatuación dos parlamentarios galegos se axustase ás conclusións da Asambreia de Santiago. A opinión sabe xa a campaña que se lles fixo. Ela determinou o seu silencio, pra que se lles non poidese señalar como instigadores do que ocurriuse en Galicia...

Non compre que declaren o seu amor á nosa Terra os que tan probado o teñen. Iso queda pra os outros; pra os que cada día o teñen que anunciar, co fin de que a opinión o seipa...

Os nosos deputados, que sacrificaron agora a súa reputación, saberán, cando chegue o seu intre, xustificar o seu silencio, que si non pudo contentar a ningún de nós, cecais evitou á nosa Terra maiores males.

ca e xeográfica por enriba das fronteiras administrativas que absurda e arbitrariamente nos foron asinadas.

Non é a primeira vez que algúns d-aquiles irmáns se sinten xunguidos a nós. Recibamos hoxe con ledicia ista demostración colectiva que tanto debe encher de orgulo á nosa Terra, que, unha vez mais, se fixo diña de ser honrada.

A XUNTA DE DEFENSA DE GALICIA

Eis unha iniciativa que ten de mover o noso comentario.

No balbordo da protesta que na nosa Terra ergueu a inxusta ameaza de suspensión das obras do noso f. c., o alcalde de Sant-Iago viu con absoluta craridade cál é o camiño a seguir.

Hoxe pol-o f. c.; mañán pol-a proteición a que temos dereito pra o noso gando e as nosas conservas, etc.; outro dia pol-a inxusticia tributaria con que somos tratados... A nosa Terra terá de se erguer a cotío pra que se lle faga xusticia ¡que, como se víu, somentes cando eisiximos barilmente se

nos escoita!

Compre, pois, axuntar ordeadamente os esforzos, pra non perder polvora en salvas, e pra dar permanencia a ista nosa unidade redentora, manifesta ista ves tan xurdia e rexamente.

A iniciativa do alcalde de Sant-Iago—de quen politicamente estamos alonxados—conta cas nosas simpatías. A Xunta de Defensa de Galicia cuia constitución propón pode ser o primeiro paso da liberación da nosa Terra.

Entendemos que o Comité Pro F. C. debe tomar a iniciativa pol-a súa conta.

Fiesta sobor da lingua galega

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO.—*Estudante de Dereito*

Unha leda satisfacción entesa a yalma, dos que sintindo unha emoción nazonalista, unha emoción que apreixa integralmente total-as facianas da vida galega, ollamos iste espertar solene da fala e a cultura, iste vertebrarse da concencia da Galicia, iste aviventamento da Terra, como xuntoiro étnico e psicolóxico con persoadade específica.

O pobo galego que semella rendido espiritualmente; onde todo o alleo que ten algún releve acada revrencias e homenaxes que van levándonos inconscientemente ao desprazamento do propio da concencia coleitiva, onde seus habitantes anceian vivir unha cultura postiza feita de fora a dentro e non de dentro a fora, onde non soio se esquece o linguaxe senón se arelan esquecer os propios valores individuaes pra trocalos pol-os alleos; reverdece hoxe, encarnado n-a xuventude que sinte con cobiza espiritual a inquedanza pol-os problemas galegos: lingüísticos e raciaes, de cultura e de civilidade.

Os galeguistas militantes de agora, seguindo a emoción exemprar dos precusores, loitaremos sen acougos pra non deixar desfacer unha lingua que a Natureza nos deu, como istrumento diferencial, como nos deu un esprito, unha yalma; loitaremos contra os que aldraxan a fala dos nosos pais, cubríndoa coa lama das suas invectivas e berrando a cada intre que, un anaco mais, e o linguaxe galego desaparece; loitaremos contra os que van facendo da nosa Terra unha colonia meitazada pol-o esprito alleo; reaicionando do desinsinamento de moitos, do despego de algúns e da petulancia de uns cantos.

Na lingua, seipanno ou non os indifrentes, está o mais intimo e san do noso esprito; fecundalo é a laboura da nova Galicia, deixar desfaguelo é o mesmo que se negar a sí. Mais, anque o traballo d-uns poucos desleiga-

dos trate d-ilo, non se borrará non beizos que a mamaron, a fala que empregou iste pobo por mais de dez séculos, que é a que falan i-entenden 42.000.000 de galegos, portugueses e brasileiros; non pode morrer un linguaxe que tén unha literatura esgrevia e nomes que son orgulo do entendemento humán. Porque a lingua de cada pobo é o caraiterístico mais enxebre e mais poidente da nazonalidade. Xentes que falan a lingua que non lles é propia són un pobo que se non pertenece.

Emporiso os galeguistas que escomenzamos unha nova xeira no erguemento da cultura galega, voltamos unha vegada mais a amozar a necesidade do emprego da lingua matria. Iste particularismo non amola, come dín algúns impugnadores, o senso universalista que debe informar a colaboración de todo esforzo na totalidade humán do pensamento e da cultura. En troques, arelamos rescatar a nosa persoadade, pra incorporar o noso esforzo autóctono, come dí B. Torres, a isa laboura.

A xuventude, que milita nas fías do galeguismo, limpa e amante do seu, ten vergoña d-isa outra xuventude viciada, tributaria por imitación de todol-os oropeles estranos, ten lástima, ao mesmo tempo, da súa disposición de azo a cader na servidume, que fai xermolar no pais, de seu, o sentimento abafante da propia inferioridade.

Bágoas de carraxe, de xenreira, queiman a yalma ao ollar coa nosa boa fé pra a Terra benamada, a laboura d-un señoritismo mugatorio e cursi que coida que-o emprego da nosa fala e siño de rebaixamento e inferioridade.

N. da R.—A Redaición, que pudo intresar traballos dos irmáns mais destacados do Partido, prefiren escomenzar as colaboracións co que expontáneamente remitiu un mozo. Agardamos que isto servirá de estímulo pra os demais mozos do Partido.

A LABOURA DAS SEGREDARIAS

Sendo "A NOSA TERRA" o boletín do Partido, encamiñado a establecer contaiito entre o Consello e os afiliados, pra que en todo intre eixiste unha grande unidade de acción, en todol-os seus números levará un resume da laboura das Segredarias

Deica o día da data, dende o día 7 de Nadal derradeiro en que o Partido ficou constituído, a que teñen realidade é a seguinte:

A de Organización

Hay Grupos contituidos ou Delegacións nos seguintes sitios:

A Cruña, Sant-Iago, Betanzos, Noya, Rianxo e Sada; Lugo, Viveiro; Ourense, Lovios, Lobeira (Bande), Paderne (Allariz), A Bola (Celanova), Piñor de Cea e Cea (Carballiño), Esgos, Lovios (Acevedo), Luintra e San Miguel de Campo (Nogueira de Ramuín), Santa Ana, Cobas e Triós (Pereiro de Aguiar), Melon (Ribadavia), Alvarellas e Cualedro (Verín), Bollo (Viana), Fiteiro e Chandrexa (Tribes), A Vega; Pontevedra, Arbo, Barro, Bueu, Cangas, Cambados, Cañiza, A Estrada, O Grove, Mondariz-Balneario, Neves, Portas, Redondela, Soutomaor, Tomiño, Vilagarcía, Bayon (Vilanova), Viascon (Cotovade), Vigo e Caióira.

Están en formación os de Guardia, Bayona e Caldas e un bo número d-iles na provincia de Lugo.

A Irmandade da Fala da Cruña, delegación do Partido Galeguista, en xunta xeneral feita o día 30 de Marzal, elexiu o seguinte Consello directivo:

Conselleiro 1.º Victor Casas
id. 2.º Plácido R. Castro
Segredario: Xulio Sigüenza
Vice: Xavier Pardo
Contador: Francisco Abeleira
Tesoreiro: Salvador Mosteiro
Bibliotecario: Bernardino Varela.
Vocaes: Manuel Lugris Freire, Arcadio Carballo, Xosé Lorente, Enrique Rodríguez Salio e Xohan Perez Gonzalez.

No sucesivo, n-ista seición daráse conta da constitución de novos

Grupos e Delegacións, da aitividade dos xa constituídos, renovamento de directivas, etc.

Os Segredarios dos Grupos e Delegados deben remitir notas breves de todol-os devanditos detalles.

Os Grupos e Delegacións que non teñan recibido Programas, Estatutos, propaganda, etc., deben comunical-o a ista Segredaría, dirixíndose ó seu domicilio, rua de Manuel Quirogo, 21-3.º, ou chamándo ó teléfono n.º 261.

A de Propaganda

Hoxe damos sucinta conta dos aitos realizados pol-o Partido, derde a sua constitución no día 6 de Nadal do 1931.

27 de Nadal.—Mitin n-A Cruña, con asistencia da maoría dos Conselleiros do Partido, no que tomaron parte, Núñez Búa, Victor Casas, Tobío Fernández, Suárez Picallo e Castelao.

3 de Xaneiro.—Mitin en Vigo, tomando parte Alvarez Gallego, Tobío, Bóveda, Picallo e Castelao.

No mesmo día, mitin en Soutomaor, no que falaron, Seoane, Paz Andrade, Picallo e Castelao.

5 de Xaneiro.—Conferencia de Bóveda no Liceo de Ourense, sóbre "Probrema fiscal e probrema ferroviario de Galicia".

17 de Xaneiro.—No mitin anti-foral de Vilaxoán, invitado pol-as sociedades agrarias, falou Núñez Búa.

11 de Febreiro.—En Monforte, invitados pol-os orgaizadores da festa do aniversario, falaron en nome do Partido, Victor Casas e Suárez Picallo.

14 de Febreiro.—Orgaizado

pol-a Sociedade agraria de Viascón celebrouse un mitin n-ista parroquia, de Cotovade, no que interviñeron, Núñez Búa, Castelao e Suárez Picallo.

26 de Febreiro.— Conferencia de Otero Pedrayo en Ourense sóbre "Vieiros de Galicia".

28 de Febreiro.—Mitin en Santiago, presidido pol-o conselleiro Dr. Banet Fontenla, falando López Durá, Paz Andrade, Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Castelao.

3 de Marzal.—Conferencia de Paz Andrade na sociedade "Aurora de Sárdoma", sóbre "Agrarismo e galeguismo".

20 de Marzal.—Mitin en Lugo, no que interviñeron, Martínez López, conselleiro do Partido e cadeiradeiro do Instituto de Lugo, Victor Casas, Paz Andrade, Suárez Picallo e Castelao.

No mesmo día, orgaizado pol o grupo de Compostela, celebrouse un importante Mitin en Bandeira, no que faláron, López Durá e Alonso Rios.

A mais dos mitins e conferencias, espallou a Segredaría de Propaganda, unhas 30.000 follas, con tres textos difrentes, antre eles a "Proposición de Lei en defensa da pequena propiedade" i-o discurso que no seu apoio pronunciou Castelao no Parlamento español.

No mes de Abril, celebraránse varios aitos públicos, algúns d-iles xa concertados, como son mitins en Salceda de Caselas, en Oca, en San Xorxe, en Corredoira, no Grove etc.

Estase a imprimir a conferencia que, solicitada pol-a "Irmandade Galeguista" de Vilagarcía, pronunciou n-aquela vila o director da Misión Biolóxica de Galicia, D. Cruz Gallástegui Unamuno.

A Laboura parlamentaria dos nosos deputados

Un dibuxante artista, un xeógrafo literato, un obreiro formado nas loitas societarias lonxe da Terra.

De tres homes que van por primeira vez ó Parlamento sin que se lles poida eixixir unha completa preparación en todol-os probremas, non había dereito a pedir unha laboura extraordinaria.

A que os nosos deputados fixeron, non obstante, podese comparar con ventaxa ca de calquer grupo.

Nos seguintes números de A NOSA TERRA iremos dando conta d-eles e reproduciremos as súas interveicións mais importantes.

Unha importante adhesión

Da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, formada por 20 sociedades con 3.473 cotizantes, recibeu o Consello o seguinte cabregrama:

"Partido Galeguista-Pontevedra.—VIII Congreso Federación unanimidade ratifica adhesión ese Partido.—Lopez, Presidente".

Non cumprirá que ponderemos ante os nosos afiliados e lectores a importancia e o valor de ista adhesión. E fácil de comprender...

Aquiles irmáns que na emigración se decatan da inxusticia con que é tratada a nosa Terra, comprenderon que o único Partido que traballla sinceramente pol-a súa redención é o Partido Galeguista.

Avencellados como están a aquela parte do movemento agrario que non admite tutelas de charlatáns, a súa axuda terá de facer grandemente eficaz a laboura que ten escomentada o noso Partido.

A NOSA TERRA publica, con grande ledicia, ista nova, e ten a seguranza de que aquiles irmáns emprenderon o verdadeiro camiño pra conquistar a redención da Terra. De pouco valería a xurdia laboura que veñen facendo da outra veira do Atrántico, si os galegos que alá se afanaron pol-a Terra caen ao chegar aquí nas mans dos que prometen defendel-a e se esquencen ao chegar a Madrid dos seus compromisos.

Unha das misións que o Consello asinou a A NOSA TERRA, é a de contribuir á maisima preparación teórica dos afiliados. Escomentamos dende hoxe mesmo ista laboura publicando, ca previa autorización do seu autor, i-en xeito de folletón coleccionable,

A Teoría do Nazonalismo Galego

de Vicente Risco

O NACIONALISMO GALEGO

Galeguismo e Nacionalismo **E** NPRÉGASE a verba *nacionalismo* pra desinañ-o corpo de doutrinas que informan todo movemento de reivindicación da persoalidade dos grupos naturais por fronte da sorbencia dos Estados históricos. N-este mesmo senso empregámola nós. *Nacionalismo galego* quer decir pol-o tanto, a doutrina que informa o movemento de reivindicación da persoalidade de Galicia fronte da sorbencia do centralismo hespañol.

Tense empregado, como sinónima de *nacionalismo galego*, a verba *galeguismo*, y-esto, pra distinguil-o noso do nacionalismo vasco ou do nacionalismo catalán.

Entendémol-os nacionalistas galegos que unha nacionalidade, xunguida ou non a outras baixo a soberanía d'un Estado calquera, ten unha misión histórica que cumprir en ben da civilización universal, e que tanto val como tal nacionalidade, según sexa o que faga p'ro cumprimento d'aquil deber histórico.

Por eso non queremos pr'o nacionalismo galego unha ideoloxía traguida d'afora, senón feita por nós mesmos, sacada das arelas internas da y-alma do pobo galego. O noso nacionalismo, pra ser algo, ten que ser un *galeguismo*, e non un *euskarismo* ou un *catalanismo* traducidos á nosa fala. D'esos nosos irmaus da imensa Hespaña, queremosol-o eixempro da rebeldía y-o acordo pr'a aución común, si é que compre, mais non as direitricas mentaes da nosa intención nacionalista.

HONRANDO A OS MORTOS

A os devanceiros

O 13 de Marzal celebrouse o tradicional homenaxe a Curros, Pondal, Murgía, Chane, Adalid e demais galegos ilustres que repousan no cemiterio cruñés.

Concurriu unha gran cantidade de público e representacións de moitas entidades nas que destacaban unha numerosa da Irmandade e da Mocidade galeguista coa súa bandeira.

Diante a campa de Curros pronunciou unhas verbas, en galego, o presidente do Circo de Artesanos, señor Búa Carou, en gabanza do Poeta e da súa obra democrática e patriótica.

Falou tamén o Alcalde cruñés. Noso irmán Victor Casas, en nome do Partido Galeguista, dixo que con ista son tres vegadas as que fala

no mesmo aito. Baixo a dictadura de Primo de Rivera e baixo a de Berenguer.

Fixo suas as verbas de Búa no que se refire a que a obra de Curros é todo un programa e que efectivamente ise programa consta de duas partes: Unha, a consecución d-un réxime de liberdade e democracia, está conquerida; mais falla aínda a parte que se refire a Galicia, que por agora non se acadou.

Galicia depositou a súa esperanza na República e os pobos non perdoan nunca que se maten as súas ilusións. Si os galegos tivéramos que seguir loitando baixo iste réxime, como loitamos baixo o desaparecido, os galeguistas, seguindo o exemplo dos precursores a quenos homenaxeamos,

loitaremos aínda con mais fervor, tendo ademais a axuda d-esas Mocidades que están xurdindo en toda a nosa Terra que veñen a colabrar eficaz e xuvenilmente pol-a redención galega que cantaron Curros, Pondal, Murguía e demais ilustres desaparecidos.

Remata decindo que as arelas redentoras dos pobos que cobizan seren libres trunfan sempre como tantos exemplos afrecenos a historia e aínda agora presentamos a Irlanda camiño xá da súa definitiva independencia. E Galicia salvarase pra dar ao mundo os feitos do seu saber, da súa persoalidade e da súa cultura.

As verbas do irmán Casas foron acollidas con gran aprobación, sendo moi felicitado.

A os mártires de Carral

O día 26 d-iste mes, cumprírase o 86 aniversario do trágico remate que tivo en Carral a revolución galega. Cando saian istas liñas, xa se terán celebrado seguramente os aitos que os Grupos de A Cruña, Sant-Iago, Pontevedra e outros se propoñen celebrar. A NOSA TERRA

dará conta detallada d-iles. Anticipamos hoxe que a data é moi doada pra lembrar os grandes ensinamentos que d-aquela xesta, tan heroica e románticamente encarnada por Solís e á que Faraldo quixo infundir o seu espírito, se poden tirar.

Rexionalismo e Nacionalismo **A** verba *rexionalismo*, qu'empregámol-ó principio pra desinal-as nosas doutrinas—porqu'esi fixeran os nosos precursores—foi logo collida por algú que quixeran limitalo alcance das nosas xustas arelas: eses que din *en castelan*: «queremos un regionalismo bien entendido». O que en moitos casos ven a querer decir: un rexionalismo que se non opoña ós compromisos que teñen adequiridos...

Entón, colleuse como mais eispresiva, a verba *nacionalismo*, manifestando, no Programa de Lugo, que a de «rexionalismo, non recolle total-as aspiracións, nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas».

Y-esí é. O rexionalismo non pide mais qu'a autonomía administrativa mais ou menos restrita, o dereito a nos gobernar por nos mesmos con mais ou menos amplitude. Quere conquistar pra Galicia—ou pr'o país que sexa— a persoalidade na orde de administración. Porque, xiquera precise sempre unha base xeográfica real, o concepto de *rexión* non pasa de sere un puro concepto xurídico. A fin de contas, unha rexión non é nada fora da vida interior do Estado qu'a colle dentro do seu orbe político.

O nacionalismo quere, por riba de todo, crear en Galicia—ou na terra que sexa— unha vida e mais unha cultura autónomas, un aproveitamento de total-as forzas de produción material e mental da terra e da raza pr'a creación de valores económicos e culturais que se podan impor no mundo. O concepto de *nación* é un concepto histórico, o que quer decir, da máxima realidade. Unha nacionalidade vive sempre, como realidá espiritual, independentemente do Estado de que forma parte.

Unha nación pode ser tal nación—unha entidade histórica e cultural y-até unha potencia económica—sen autonomía de ningunha clase, sempre qu'o sentimento nacional sexa forte d'abondo. En troques, a autonomía mais integral e mais completa, a mesma independencia política, non abonda co'elas pra faguer unha nación.

Unha cousa é a persoalidade administrativa ou a política, y-outra cousa é a persoalidade histórica, anqu'unha sexa sempre unha fortísima axuda pr'a outra. Unha terra calquera, sen caracterización nacional, pode sempre pedir, con xusticia, autonomía e descentralización. Pr'aquela terra, a autonomía será un fin; pra nós non é mais que un medio. Un medio pra por en produción a nosa nacionalidade, á que lle temos asignada unha misión definitiva na creación da civilización futura.

Esí, o conquerimento da nosa persoalidade nacional, non é xa pra nós somente un dereito: é tamén un deber, un deber que temos de cumprir, pr'a maior gloria de Galicia e de Hespaña.

Que a arela nosa non é *separatista*, xa fica dito. As reivindicacións que nós añedimos ó programa meramente rexionalista dos nosos devanceiros, non atenta en nada á soberanía política do Estado hespañol. Pregámoslle que recoñeza un feito que s'imporá d'eiquí a pouco e nada mais.

PENEIRANDO

N-unha información publicada en "El Faro de Vigo", feita sin duda por amigos, púxose en boca do deputado radical Sr. López Varela un párrafo en que se refire a obstrución que á laboura parlamentaria da súa minoría fan na custión dos tributos os deputados socialistas, radicados socialistas e galeguistas...

Resistímonos a creer que o Señor López Varela ignore aínda que os nosos deputados, por voca de Suárez Picallo, foron os únicos que se opuxeron ao aumento de trabucos.

¿Ou é que se non decata do que pasa na Cámara Lexislativa?

Cando se soupo que algúns deputados galegos—a maoría—eran partidarios de que Galicia aportase un 50% pra continuación das obras do Ferrocarril, a Cámara de Comercio de Vigo dirixiulles un telegrama protestando ae que se conformasen con que a nosa Terra tivese que pagar a metá dunha obra que xa tiña de sobra pagada.

Non tratamos de que se sepa que os nosos deputados se opuxeron a tal cousa.

Intréanos facerlle notar á Cámara de Comercio de Vigo que si tivésemos autonomía non nos pasaría iso, e que, sin ela, nos pasará sempre.

Debían aproveitar ista leición e tantas outras os seus directivos, que, con tanta lixeireza, decretaron n-outra ocasión que non nos conviña a autonomía.

"El Correo Gallego", da Habana, orgaizou entre galegos residentes hai anos n-aquelas terras unha encosta en col da autonomía.

De 126 consultados amostráronse centralistas 50. Os demais—que, como se ve, son maoría-autonomistas, federalistas ou separatistas.

E consolador o eixamen ouxetivo das opinións: os que escriben en galego son en xeneral os que dan probas de maor cultura.

Tamén é curioso que a maoría

dos que se amostan contrarios á autonomía fan-o por medo a que volvan os caciques.

¡Benventurados os ñorantes!
¿Por qué non se darán unha voltiña pol-a nosa Terra?

O cruñès Sr. Villaverde, leader da C. N. T. en Galicia—sin perxucio de decír sèamos, téngamos e outras lindezas—fíxonos o favor de se meter cos que falamos galego, n-un mitín celebrado hai poucos días en Vilaxuan.

Según il, falamos en galego pra exprotar ós obreiros e ós labradores.

A cousa fai rir un pouco e nós quedamos verdadeiramente admirados de saber que dispoñemos de tal vara máxica.

Pro, ademais, ¿qué dirán agora os que tal cousa lle escoitaron ao ver que somos os galeguistas os únicos que nos movemos en defensa dos seus intreses ante a ameaza dos amigos do Sr. Villaverde do sindicato de aerradores de Málaga?

¡Solidaridade económica!

Cando nós decimos que, no orden económico, non somentes nos conviña a autonomía integral, senón aínda a separación, respóndesenos que a nosa economía é solidaria da dos outros pobos hespañoles.

Véxase o seguinte índice, e medítese:

Enemiga contra o noso f. c,

Competencia a o noso gando coas carnes conxeladas, arancel do millo e tarifas absurdas de transporte.

Prohibición da venda en domingo dos nosos pescados.

Ameaza do sindicato de asarredores de Málaga de se opoñer á descarga das madeiras elaboradas en Galicia.

Abondono das nosas produccions de viños e conservas.

Etc, etc, etc.

¡Grandísima solidaridade ¡Cando se decatarán os papanatas!

Fora da Terra

Un novo Centro Gallego en Madrid

Comunicásenos que, o día 10 de marzal pasado, se inaugurou un novo Centro Gallego en Madrid, do que é presidente o gran poeta Cabanillas.

A nova entidade dispón, según se nos dí, de suntuosos salóns e propónse realizar unha gran laboura cultural e de fomento da industria e o comercio da nosa Terra.

Como é de rigor, concurriron moitas persoalidades, antre as que se cita aos nosos deputados, Castella, Otero Pedrayo e Suárez Picallo.

Celebraríamos que non remate en un de tantos Centros como hai por Hespaña adiante enchéndonos de veigonzas.

O Centro de Cultura de Barcelona

Citemos ista entidade como unha das poucas, cecais a única, que en toda a Península se decatou de cáil é a misión e a laboura que os galegos deben realizar fora da Terra.

Os telegrama que derradeiramente publicou a prensa galega, demostran cómo sinten aquiles bos galegos os problemas e as arelas de Galicia.

No próximo número exporá A NOSA TERRA o criterio do Partido con respecto ao Estatuto de Cataluña e a chamada Reforma agraria.

IMP. XULIO ANTUNEZ

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

En Pontevedra, mes 40 céntimos. Fora, un ano, 6 pesetas.
América, un ano, 8 pesetas. (Pagos adelantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa de Manuel Quiroga, 24-3.º-Pontevedra

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas. da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decoración da Cruña.

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compactas caracterizacións pra Teatro. Pra toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRES, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr. Dn. Sebastian González García

SANT-IAGO

Imp. de Xulio Antúnez. - Pontevedra

CINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA - PAPELEIRÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA NO 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Mobles, Máquinas, Pedras francesas pra muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada no 1776

Capital suscrito.	Ptas. 17.000.000' -
Id. desembolsado	" 11.000.000' -
Fondo de Reserva.	" 6.000.000' -
Id. id. pra fluctuación de Valores.	" 6.497.028'38

CASA CENTRAL: NA CRUA

SUCURSAES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póboa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontearreas, Chantada, Ourense, Cerdeira e Ordes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista.	2 1/2 %	anual
A tres meses	3 %	"
A seis meses	3 1/2 %	"
A un ano.	4 %	"

CAIXA DE AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % a o ano

CONIA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venda de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS-VIGO

Sucursaes: A Cruña - Ferrol

Redes de algodón pra tarrafa. Aparellos armados i-en panos pra barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cabres de aceiros, ingresos. Aceites xeneraes e vexetaes, e surtido com preto pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A SUPERIORIDADE DOS

CALZADOS SENRA

ABONDA PRA XUSTIFICAR A PREFERENCIA DOS CONSUMIDORES, MAIS O PROCEDERE D'UNHA INDUSTRIA GALEGA,

HONRA DA NOSA TERRA

OBRIGA A NON GASTAR OUTROS A CANTOS SINTEN AMOR POLO SEU ENGRANDECIMENTO

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENS DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECIÓN DE SASTRERÍA E CONFEICIÓN

Inmenso surtido en panos da Terra e extranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas pra mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA